



PROPOSTA PEDAGÓXICA PARA ENTENDER A NATUREZA DOS CONFLITOS

A vida en grupo supón unha serie de aprendizaxes que as nenas e os nenos van adquirindo na medida na que se dan diversas situacións e se establecen por parte do adulto certas estratexias.

Á hora de cuestionarnos sobre a natureza dos conflitos na aula, o equipo educativo chegou á conclusión da importancia de estimular unha imaxe positiva dun mesmo e de axudar á nena e ao neno a identificar e dar resposta ás súas emocións.

Un ambiente seguro e afectivo, atento ás necesidades da nena e do neno e que é quen de recoñecelas e un adulto que exerce no seu rol o autocontrol serán algunhas das chaves que nos axuden a mellorar as relacións entre os seus iguais.

A IMPORTANCIA DOS AFECTOS E DAS RELACIÓNS

As emocións e as relacións non teñen un modo de funcionamento diferente a outros desenvolvementos (psicomotriz, linguaxe...), estando no fondo constituídas por limitación e posibilidades que a maduración vai poñendo e abrindo, e tamén por unha serie de influencias educativas (casa, escola) que as van organizando e moldeando... sen esquecer as diferencias entre uns nenos/as e outros ligadas a factores biolóxicos individuais, e as diferentes experiencias afectivas e sociais previas.



Ao igual que non lle podemos pedir a un neno que aínda non inicio a marcha que se

desprace a pé dunha aula a outra, pode que non deberamos pedirlle a un neno que “comparta” un xoguete que pola súa idade de maduración considera seu. Se o noso nivel de esixencia cara eles é superior ao que por madurez poden facer, condenámoslos a fracasar, a non alcanzar as nosas expectativas unha e outra vez, e polo tanto a minguar a súa autoestima,...

A todas e todos os que traballamos nesta etapa nos toca a tarefa de observar os progresos características e necesidades individuais das crianzas e por outra banda influír sobre elas fomentando a participación, as interaccións positivas, tratando de reducir los conflitos que se resoven de maneira agresiva.

NATUREZA DOS CONFLITOS E O SEU ENFOQUE NA ESCOLA INFANTIL

A empatía vaise desenvolvendo ao longo da vida a medida que adquirimos determinadas habilidades. Estas habilidades apréndense tamén en relación cos demais,.... por iso familia e educadores somos fundamentais nese desenvolvemento.

A nosa acción educativa vai encamiñada non a corrixir a conduta conflitiva senón ao logro do maior desenvolvemento das posibilidades de cada nena e neno.

As relacións coa figura de apego constitúen o marco adecuado para que a nena e o neno aprendan a relacionarse cos demais.

O coñecemento das necesidades e intereses da nena e do neno vainos permitir reducir estas situacións de conflito.

Isto non impedirá que ao longo da xornada se dean situacións onde xorden os conflitos

entre as nenas e os nenos. Os conflitos que xorden entre as nenas e os nenos son oportunidades de aprendizaxe das relacións cos iguais.



Como educadoras a nosa estratexia é a de observar, non interferir, confiando nas posibilidades da nena e do neno para que resolva ou participe na resolución do conflito.

A observación vai nos permitir coñecer máis ao neno e á nena e introducir cambios nas nosas propostas que permitan á nena e ao neno sentirse máis seguros e confiados.

Non existen receitas máxicas. A educación de nenas e nenos é un proceso de aprendizaxe continuo e no camiño debemos acompañalos desde o respecto e actuacións coherentes que sexan referentes para elas e eles.

En todas as situacións a maior estratexia é a escoita activa e **promover as condutas**

de colaboración, empatía e axuda cara os demais.



Aínda que apuntamos que non hai receitas máxicas xa vimos recollendo algunhas das claves que non poden axudar a minimizar ou afrontar os conflitos entre iguais de xeito positivo:

COHERENCIA. Se non queremos que griten temos que ser quen de modular a nosa voz en todas as situacións, se queremos que respecten ao outro, debemos ser quen de respectalos; se queremos que colaboren deberan observar en nós actitudes de colaboración,....

OBSERVACIÓN: ao observar ás nenas e aos nenos podemos analizar e avaliar as situacións, coñecer as súas reaccións , as súas necesidades e interese, ver o grao de resposta ás nosas actividades,... en definitiva vaimos permitir introducir os cambios necesarios para que unha situación de conflito non se volva producir.

CONFIANZA: permitir que as nenas e os nenos poidan resolver as situacións de conflitos vailles permitir ter a oportunidade de procurar solucións e polo tanto adquirir estratexias fundamentais de socialización.

PROGRAMACIÓN: contemplar todos os elementos que interveñen no desenvolvemento

dunha actividade, os materiais, os recursos, o espazo, o grupo,... axudará a previr conflitos innecesarios

PACIENCIA: as veces, tendo en conta todas as demais claves, as situacións de conflito dánse igualmente; neste caso é preciso entender que os conflitos son oportunidades de aprendizaxe e que é necesario agardar a que a nena e o neno medre e sexa que de xestionar mellor as súas emocións.

VISIÓN POSITIVA DOS CONFLITOS.

Non son negativos,
son importantes
para a vida.

Debemos vivilos con
normalidade.

OS CONFLITOS

Os conflitos
permítenos madurar.

É unha forma de
expresión e
aprendizaxe continua.

Son vivencias do proceso de
desenvolvemento, e de
crecemento: forman parte do
cotiá.

Xorden pola
necesidade de
contacto e
interacción.